

BASES DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN: XOGARZÚA 2022

Estas bases están condicionadas a calquera modificación da normativa estatal, autonómica ou local, tanto sanitaria como de outra índole, pola que se poidan ver afectadas.

O Concello de Arzúa establece a posibilidade de suspensión temporal ou definitiva do programa ou modificación substancial, no caso de ser necesario, ben por cuestións xurídicas ou fácticas.

1. **PERSOAS USUARIAS:** Terán acceso ao programa XOGARZÚA 22 as e os menores nados entre 2018 (escolarizados) e 2010 (que cursen ou acaben de cursar educación primaria), ambos inclusive, na data de solicitude.

2. **HORARIO:** O horario ordinario do programa XOGARZÚA 22 será de mañá, de 09:30 a 14:00 horas.

Aquelas familias que non se podan adaptar a este horario e necesiten outro especial, será necesario que o especifiquen xunto coa necesidade para a valoración técnica.

Calquera cambio na hora de entrada ou saída deberá ser solicitado e autorizado polo CIM.

3. **QUENDAS:** O programa ordinario será desde o 4 de xullo ao 3 de setembro (9 semanas) , e distribuirase en catro quendas. Os días festivos non haberá programa.

Haberá que ter un grupo mínimo de 3 menores en cada quenda para que o grupo se realice.

a. Primeira quenda: do 4 de xullo ao 15 de xullo, (dúas semanas).

b. Segunda quenda: do 19 ao 29 de xullo, ambos inclusive (2 semanas)

d. Terceira quenda: do 1 ao 12 de agosto, ambos inclusive (2 semanas)

e. Cuarta quenda: do 16 de agosto ao 2 de setembro. (3 semanas)

4. **CRITERIOS PARA A ADSCRICIÓN DE PRAZA:** No caso de que haxa máis solicitudes que

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

prazas nos grupos estes serán os criterios de adscrición de praza. Dentro de cada grupo que corresponda a un criterio determinado realizarase o listado en función do tempo de rexistro.

4.1 O criterio técnico das profesionais do CIM, en situacións especiais.

4.2 Que a persoa usuaria (menor) estea empadroada en Arzúa, e ambos proxenitores (ou a familia monoparental) traballen no período no que se inscribe.

Neste grupo primarase, no caso de superar o número de capacidade, a aquelas familias que traballen de maneira presencial sobre aqueles que realicen teletraballo.

4.3 Que a persoa usuaria (menor), ou a persoa que ostente a custodia ou ambos proxenitores estean empadroados en Arzúa

4.4 Que a persoa que ostente a custodia, ou familia monoparental ou ambos proxenitores traballen en Arzúa no período e horario no que funciona o XOGARZÚA.

4.5 Que a persoa que ostente a custodia, ou familia monoparental, ou ambos proxenitores traballen no período e horario no que funciona o XOGARZÚA, e a persoa usuaria (menor) acuda a un centro educativo de Arzúa

4.6 O resto de solicitudes.

Para acreditar o traballo dos proxenitores haberá que presentar o Anexo I, onde a empresa sinala que a nai ou o pai vai traballar no período concreto para o que solicita o programa, e non estará en período de vacacións, ou sometido a un ERTE ou ERE. Igualmente deberá sinalar se traballa de maneira presencial ou con teletraballo. Anexo I

No caso de autónomos ou xente da agraria, deberán aportar unha declaración responsable nos mesmos termos, seguindo o anexo II, e o último recibo trimestral que acredite a dita situación

Para acreditar a situación de monoparentalidade haberá que aportar o certificado do Rexistro de familias monoparentais da Xunta de Galicia, o libro de familia onde conste este feito ou a resolución xudicial, no caso de divorcio ou separación non inscrita no libro de familia.

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

5 . SAÚDE: Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á/ao menor ou menor (alergias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta o monitorado. De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.

No caso de que o/a menor presente temperatura, chamarase á familia e non poderá permanecer no campamento.

6. AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER Á PERSOA USUARIA: Coa solicitude achegaranse os datos da persoa que está autorizada pola nai ou polo pai para recoller á/o menor, no XOGARZÚA. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller a/o menor a/s persoa/s solicitante/s.

7. DIVERSIDADE FUNCIONAL: O Concello reserva unha praza para menores con discapacidade. É imprescindible que a discapacidade permita integrarse no grupo de traballo de XOGARZÚA. No caso de non seren cubertas, ampliarán o número de prazas xerais. Para optar a esta praza, haberá que presentar o certificado de discapacidade superior ao 33%.

8. CUSTO: Mantense o prezo de cada semana de 10 euros máis IVE, polo que o custo da primeira, segunda e terceira quenda, que duran dúas semanas cadansúa, será de 20 euros máis IVE cada quenda, e cuarta quenda terá un custo de 30 euros máis IVE, ao ser tres semanas. En calquera outro caso seguirase o establecido na Ordenanza fiscal municipal.

- a) Os servizos sociais poderán informar para a exención de cotas para catro menores. Para que lle sexa aplicable esta exención haberá que presentar o informe da educadora familiar, e de non existir nese momento, das traballadoras sociais
- b) As familias numerosas terán unha bonificación do 50% da cota. Para que lle sexa aplicable esta bonificación haberá que presentar a copia do título de familia numerosa en vigor.

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

9. **EMPADROAMENTO:** para acreditar o empadramento, bastará con autoriza ao Concello de Arzúa para comprobalo no Padrón Municipal, riscando a cela adecuada. No caso contrario, deberá achegarse un volante de empadramento da persoa da que se queira acreditar o dito empadramento en Arzúa.

10. **PUBLICACIÓN:** As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web e no taboleiro da Sede electrónica do Concello, a través do DNI ou NIE (riscados determinados números) da persoa solicitante. Igualmente o listado de persoas admitidas.

O resto das comunicacións realizarase coa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

11. **NORMAS:** A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

- a. Cando calquera menor ou persoa da súa familia teña coronavirus, o/a menor deberá permanecer na súa casa, sen acudir ao XOGARZÚA 2022, ata que den negativos, aos efectos de evitar contaxios dentro do XOGARZÚA.
- b. Dereitos das persoas usuarias:
 - Bo trato por parte do persoal do servizo e das outras persoas usuarias do servizo
 - A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
 - Favorecer a súa participación no servizo.
- c. Obrigas das persoas usuarias:
 - Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
 - Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
 - Entregar a documentación requirida.

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

- Para a recollida das/os menores sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
- Respetar as normas establecidas pola monitoraxe de cada aula, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e coas demais persoas usuarias.
- No caso de falta de respecto e con outras persoas usuarias ou monitorado do campamento, comunicarase á persoa solicitante, por parte do monitorado a primeira vez. Se se repetise esta actuación, ou a primeira consistise nunha agresión, o monitorado fará un informe que trasladará ao persoal do CIM, para que poida analizar coa familia posibles solucións, entre as que se atopa, o suspender durante una semana ou varias a participación no XOGARZÚA, e incluso a baixa do mesmo.
- O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

- d. Reunión informativa: Antes do inicio da XOGARZÚA haberá unha reunión informativa para as familias coa empresa encargada do desenvolvemento do campamento e o persoal do CIM. En principio terá lugar, en horario de mañá, no edificio “Terra do Queixo”. A hora e o día será confirmada na páxina web do Concello. Poderá asistir por cada familia unha persoa, non tendo que ser a persoa solicitante.
- e. Renuncia a praza e devolución do importe: Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente non puidese asistir á actividade por causa medica, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito cun informe medico e solicite a devolución da cantidade aboada, antes do inicio da actividade.

12. CASOS ESPECIAIS: No caso de non ter recursos para conciliar fora das situacións de cobertura do programa XOGARZÚA, cubra a solicitud no apartado OUTRAS INCIDENCIAS, explicando o seu caso particular, e será chamado polo persoal técnico para analizar a súa situación.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

- a. Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante (nai ou pai)
- b. Anexo I: Informe da empresa conforme ambos proxenitores, ou a persoa que ostenta a custodia traballa no período solicitado para o XOGARZÚA, e o fai de maneira presencial ou teletraballando.
No caso de familias monoparentais, dun só membro, deberá acreditar a monoparentalidade co certificado da Xunta de Galicia, co libro de familia, ou coa sentenza.
- c. Anexo II: No caso de persoas autónomas ou réximes especiais de cotización.
- c. No caso de non autorizar a comprobar os datos no padrón municipal, deberán achegar o volante de empadramento da persoa residente no Concello de Arzúa.
- e. No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegar o informe do médico onde conste a diagnose e as actuación previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.
- f. No caso de solicitar a bonificación por familia numerosa, a fotocopia do título de familia numerosa en vigor.
- g. No caso de solicitar a exención da cota por participar en programas de educación familiar, é necesario o informe da traballadora social do Concello de Arzúa.
- h. No caso de optar ás prazas reservadas para menores con discapacidade, a fotocopia do certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.

PAGAMENTO

As cotas pagaranse unha vez aparecido o DNI/NIE da persoa solicitante, na lista de persoas admitidas, na que xa figurará a cantidade a ingresar. Sempre con anterioridade ao inicio da actividade e co sistema de autoliquidación, que enviarase ao correo electrónico indicado na solicitude, e de non sinalalo, poderán recollelas, no rexistro do Concello.

No caso de que alguén non pague en prazo, e a praza quede baleira, pasará a ocupar a praza a seguinte persoa que estea na lista e cumpra os requisitos e prioridades.

Na reunión informativa traian o xustificante de pago.

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

CALENDARIO

- A) Preinscricións: Do 13 de maio ao 23 de maio, preferiblemente en Sede electrónica do Concello
- B) Publicación da lista por orde de criterios e de emendas de solicitudes: 27 de maio.
- C) Prazo de emenda de solicitudes: ata o 10 de xuño
- D) Publicación da lista de persoas admitidas: 14 de xuño
- E) Pagamento de taxas: Do 15 ata o 21 de xuño.
- F) Reunión informativa: En principio, o 23 de xuño, pola mañá.

ESPECIAL ATENCIÓN:

- **Agradécese o uso de mascarar no interior das aulas**, co gallo de evitar contaxios.
- É necesario cubrir todos os apartados da solicitude, e achegar toda a documentación que se solicita.
- Cando ambos proxenitores formen unha unidade familiar (casados, ou parella de feito rexistrada na Xunta de Galicia) deberán cubrir e asinar **AMBOS** a solicitude, para que se poida ter en conta o feito de que ambos traballan. No caso de familias monoparentais (ben ao ser nai ou pai solteira/o, viúva/o, separada/o ou divorciada/o xudicialmente, ou que teñan convenio aprobado xudicialmente que determine que ten a custodia ou que lle corresponde o período de vacacións no tempo do XOGARZÚA) basta a sinatura desa persoa.
- As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse por Sede electrónica do Concello de Arzúa, ou entregaranse no Rexistro municipal (1ª planta) ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. (Nota: Desde calquera rexistro municipal de España, ou rexistro autonómico ou estatal pode ser remitido ao Concello de Arzúa)
- Cubrir con especial atención o apartado de autorizacións para recoller á/ao menor. De non se facer así, soamente poderá ser entregada á persoa solicitante (nai ou pai)
- A persoa solicitante pode ser tanto a nai como o pai, e ambos os dous. Se soamente é cuberto por un proxenitor, soamente poderá ser recollido por esta persoa solicitante, no caso de non autorizar ao

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez



Concello
de Arzúa



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

outro proxenitor

- As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web do Concello e no taboleiro do Concello. Igualmente a resto de listaxes necesaria ou comunicacións xerais.

- Calquera dúbida poden chamar ao Centro de Información ás Mulleres, 981 501101 ou, no 981 50.00.00 , ou ben no correo

cim@concellodearzua.com

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

IMPORTANTE: En caso de familias con ambos proxenitores, cubrir os datos de ambos. No caso de familias monoparentais, cubrir só os datos do proxenitor que coide ao menor no período solicitado do XOGARZÚA

SOLICITANTE	
NAI OU TITORA LEGAL: NOME E APELIDOS	
DNI/ NIE:	
Correo electrónico:	
Teléfono:	
Autorizo para comprobar os meus datos e os da miña filla ou fillo padrón municipal no Concello de Arzúa	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Traballo no horario e período solicitado	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar(redes sociais, prensa,) fotografías da miñas filla/o no XOGARZÚA, coa finalidade da divulgación do evento	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	Sinatura da nai:
SOLICITANTE	
PAI OU TITOR LEGAL:	
DNI/ NIE:	
Correo electrónico:	
Teléfono:	
Autorizo para comprobar os meus datos e os da miña filla ou fillo padrón municipal no Concello de Arzúa	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Traballo no horario e período solicitado	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar(redes sociais, prensa,) fotografías da miñas filla/o no XOGARZÚA, coa finalidade da divulgación do evento	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	Sinatura do pai:

HORARIO:

- QUENDA ORDINARIA: 09:00 – 14:00. Se vai entrar despois ou saír antes, especifíqueo: _____
- HORARIO ESPECIAL: Sinalar e explicar o motivo no reverso. Será chamada polas técnicas do CIM.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

- DNI/NIE NAI (se é a solicitante) DNI/NIE PAI (se é solicitante)
- ANEXO I (informe empresa acreditación de traballo)
- ANEXO II (réxime de autónomo ou outros especiais) e o Ultimo recibo SEGURO AUTÓNOMOS
- Acreditación da monoparentalidade: certificado Xunta, libro de familia onde conste inscrito a situación de monoparentalidade, ou senteza,..

NOME DA/O MENOR

MENOR DE IDADE	MENOR DE IDADE
NOME E APELIDOS:	
CURSO QUE REMATOU:	
QUENDA ESCOLLIDA:	<input type="checkbox"/> 1ª quenda (4 a 15 xullo) <input type="checkbox"/> 2ª quenda (19 a 29 xullo) <input type="checkbox"/> 3ª quenda (1 a 12 agosto) <input type="checkbox"/> 4ª quenda (16 de agosto ao 2 de setembro) <input type="checkbox"/> OUTRAS NECESIDADES. Explicar no apartado CASOS ESPECIAIS ou INCIDENCIAS
Alerxias/enfermidades	<input type="checkbox"/> Achego informe médico
Discapacidade	<input type="checkbox"/> Achego certificado discapacidade
Bonificación familia numerosa	<input type="checkbox"/> Achego fotocopia en vigor do título de familia numerosa
Empadramento en Arzúa	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA/O MENOR (Diferentes ás persoas solicitantes)

NOME E APELIDOS

DNI/NIE

CASOS ESPECIAIS ou INCIDENCIAS PARA AVALIAR: (necesidade de maior horario, máis días, outras.....)

No caso de que a familia non cumpra algún dos requisitos esixidos, mais necesite o recurso de conciliación, cubrir igualmente a preinscripción, e escribir a súa necesidade e o motivo, e o persoal técnico do CIM, porase en contacto con vostede para avaliar o caso especial.

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Información básica sobre Protección de datos. Responsable: Concello de Arzúa. Finalidade: Prestar os servizos solicitados. Lexitimación: Misión de interese público. Persoas destinatarias: Serviplus, S.L. e obrigação legal.

Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer dirixíndose a ramon@nossoluciones.es. Procedencia: A propia persoa interesada.

Información adicional: [https:// arzua. gal/ politica- privacidad](https://arzua.gal/politica-privacidade)

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

ANEXO I

NOTA: No caso de familias con ambos proxenitores que traballen, cubrir o Anexo I ou o II para cada proxenitor.

No caso de non vires cuberto, nin identificada a incidencia, entenderase que non traballa.

No caso de familias monoparentais, cubrir os datos da/o proxenitora/or que coida á/ao menor na quenda solicitada no XOGARZÚA 22

_____ (nome e apelidos), con DNI/NIE _____,
como: o xerente, o propietaria/o, o responsable de recursos humanos, o xefatura de servizo,
ou outros _____, da empresa/entidade _____, con
CIF _____, e sede en _____

INFORMA AOS EFECTOS DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN XOGARZÚA 2021

1. Que _____ (nome e apelidos), con DNI/NIE _____, traballa na nosa entidade.
2. Que traballa na modalidade: o Presencial o Teletraballo o Mixto
3. Que o seu centro de traballo atópase na localidade de: _____
4. Que o seu horario é: o Fixo o Quendas

Horario:

_____ (localidade), _____ (data)

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez

ANEXO II (Persoal por conta propia)

NOTA: No caso de familias con ambos proxenitores que traballen, cubrir o Anexo I ou o II para cada proxenitor.

No caso de non vires cuberto, nin identificada a incidencia, entenderase que non traballa.

No caso de familias monoparentais, cubrir os datos da/o proxenitora/or que coida á/ao menor na quenda solicitada

no XOGARZÚA 22

_____ (nome e apelidos), con DNI/NIE _____,

nai ou pai da/o menor _____

DECLARA (aos efectos do programa de conciliación XOGARZÚA 2021)

1. Que nos meses de xullo e agosto atoparase no réxime especial de:

o Autónomos o Agraria o Mutualidade

o outros (explicar)

2. Que traballa na modalidade: o Presencial o Teletraballo o Mixto

3. Que o seu centro de traballo atópase na localidade de: _____

4. Que o seu horario é: o Fixo o Quendas

Horario:

_____ (localidade), _____ (data)

Diligencia: Poñoa eu, secretaria do concello de Arzúa, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por decreto de alcaldía n.º 373/2022 de data 12/05/2022. A secretaria. Rebeca Vázquez Vázquez